



**Domingo 7 de febreiro**

**FRONTE Á CRISE**

**SAÍDA GALEGA XUSTA**

**Lugo: Marchas ás 11:30h.**

- Saída desde Parque Frigsa (Av. da Coruña)
- Saída desde Edificio INSS (Av. Madrid)
- Chegada: Praza Maior

**Ribadeo: Concentración ás 12h. Diante Oficina Emprego**



**dereitos emprego**  
**servizos públicos**



**Confederación Intersindical Galega**



# FRONTE Á CRISE

## SAÍDA GALEGA XUSTA

**G**ALIZA afrontou a crise da Covid-19 cando aínda non saíra da anterior crise económica, e o capitalismo, diante desta pandemia mundial, aposta por salvar a economía en lugar de protexer as persoas. As medidas que están a implantar desde o goberno do Estado e da Xunta lévannos a unha maior precariedade, máis desigualdade social e máis pobreza. Galiza precisa doutras políticas. **Políticas para unha saída galega xusta** da crise que permitan **camiñar cara a unha situación de emprego, salarios, pensións e condicións de traballo dignas**.

Estas son as **propostas da CIG**, entre outras (podes ver todas as propostas en [cig.gal](http://cig.gal)):

- **Intervención pública no sistema financeiro**, coa xestión directa de fondos europeos, a formalización dun concerto económico co Estado, a creación dun Banco Público Galego, a participación da Xunta en proxectos empresariais chave ou a nacionalización de empresas como Alcoa ou Alú Ibérica. Cunha **fiscalidade progresiva e xusta** e o aumento do investimento en I+D+i.
- **Reforzo dos servizos públicos**, eliminando a taxa de reposición, e retornando ao público aqueles servizos privatizados, volvendo á xestión directa da sanidade, así como afortalar o ensino público, incrementando os cadros de persoal en ambos os casos.
- Unha **transición enerxética galega e xusta**, poñendo en marcha unha Estratexia de Transición Xusta e medidas como a Tarifa Eléctrica Galega.
- Reforzo dos **sectores estratéxicos**: agrario, pesqueiro e da industria conserveira, forestal, naval, comercio e turismo, e a posta en marcha dun **plan de desenvolvemento industrial** de apoio e protección a estes sectores, con medidas que permitan o seu avance e modernización dun xeito sustentábel e que favoreza a creación de emprego e a fin da precariedade e a emigración.
- Posta en marcha dun **Plan de Conciliación** con dereitos para as necesidades de coidados xeradas pola pandemia e a creación dun **Sistema Público Galego de Atención ás Persoas**, que integre residencias, centros de día, centros de atención á diversidade... incorporando á rede pública os SAF e dignificando as condicións do persoal.
- **Recuperación dos dereitos laborais e sociais**, empezando **pola derogación das reformas laborais, da negociación colectiva e das pensións** implantadas desde o 2010, e a posta en marcha dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos roubados e recoñeza novos dereitos ante as novas formas de explotación laboral.
  - Fixación por lei do **SMI do 60% do salario medio**, tal e como marca a Carta Social Europea, coa supresión do IPREM.
  - Establecemento dunha **renda de inserción laboral e social**, da contía do SMI.
  - Prohibición por lei dos ERES, ERTES, modificacións de condicións, etc... sen previa autorización administrativa e acordo co persoal. **Eliminación das ETT, as empresas multiservizos, a figura de “falsos/as autónomos/as”** e a subcontratación en cadea.
  - Desenvolvemento do **Marco Galego de Relacións Laborais**.
  - Fixación por lei da **pensión mínima igual ao SMI** e a súa revalorización anual co IPC real.



Confederación Intersindical Galega